



CONCELLO DE A CORUÑA

PORTADA NORMALIZADA DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO

TIPO DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO		CODIGO DE VERIFICACIÓN SEGURA	
COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA DE DOCUMENTO PAPEL (Ley 39/2015 Art. 16.5 y 27) <small>Esta portada no forma parte del documento original en papel</small>		 3M6W 4S1L 4M44 535G 0KIY	
METADATOS (TEXTO)			
Identificador	RMPE1710AE		
Número/Año	78134/2023		
Dependencia Captura	REGISTRO MARIA PITA		
Usuario Captura/Compulsa	EVC		
Interesado Principal	GRUPO MPAL.DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO		
Representante			
Descripción	Solicitud general		
Páginas	2 (excluyendo esta portada)		
Fecha Documento			
Fecha Registro	17/11/2023 11:28:04		
Fecha Captura	17/11/2023 11:28		
Valor CSV	3M6W 4S1L 4M44 535G 0KIY		
Tipo de Firma	PADES LONG TERM		
Estado de Elaboración	Copia electrónica auténtica de documento papel (Ley 39/2015 Art.16.5 y 27)		
AVISO LEGAL		FIRMA DIGITAL (HUELLA)	
<p>Este documento electrónico ha sido generado mediante captura y compulsa electrónica por la autoridad competente, resultando una copia electrónica auténtica de documento en papel conforme los artículos 16.5 y 27 de la ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, el Esquema Nacional de Interoperabilidad y las Normas Técnicas de Interoperabilidad, siendo custodiado en el sistema de información corporativo de conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad y teniendo la misma validez y eficacia que los documentos originales. Se puede verificar este documento en la sede electrónica del Ayuntamiento de Coruña.</p>			

O Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego** (BNG), ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, por iniciativa da súa concelleira Mercedes Queixas Zas presenta as seguintes **preguntas** para a súa **resposta escrita** para o vindeiro Pleno do Concello da Coruña **sobre o Barrio dos Mallos**.

Exposición de motivos

Nunha recente reunión coa veciñanza do barrio dos Mallos, trasladóusenos unha serie de demandas sobre algunhas das deficiencias que sofre un dos barrios máis populoso da cidade que tamén é, pola súa localización estratéxica, a primeira imaxe da cidade que percibe calquera cidadán ou visitante.

As conexións interiores do barrio coa cidade a través do transporte colectivo, a súa limpeza e mantemento, a iluminación axeitada, o mantemento de rúas e beirarrúas e a preocupación pola diferenza de trato entre os barrios populares e o centro, son algunhas das queixas expostas pola veciñanza.

É por iso que manifestan unha serie de demandas para a súa solución por parte do Goberno municipal ás que desde o Grupo Municipal do BNG queremos dar traslado.

En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG realiza as seguintes

Preguntas

- Coñece o Goberno Local que non se está a respectar, por parte dos usuarios de vehículos, a zona peonil da rúa Ramón Cabanillas?
- Ten pensado o Goberno Local instalar unha marquesiña de autobús na parada 253 da Avenida dos Mallos, como demanda a veciñanza?
- Pensou o Goberno Local algún plan de aparcamento de cara a minguar o efecto que poida provocar a instalación da estación Intermodal?
- Está a resolver o Goberno Local os continuos atoamentos dos autobuses urbanos da Avenida dos Mallos provocados polos cambios da modalidade de aparcadoiro en batería, tal e como solicitamos no pleno de outubro a través dun rogo oral?
- Por que o Goberno Local non actuou aínda no mantemento e mellora do parque infantil da Sardiñeira, tal e como lle vén demandando a veciñanza e á que o Grupo Municipal do BNG deu traslado como rogo oral no pleno de decembro de 2022?



- Prevé o Grupo Municipal ofertar no barrio dos Mallos un espazo de uso comunitario (TEU) para a veciñanza como o que existe nalgún outro barrio da cidade?

A Coruña, 16 de novembro de 2023

Mercedes Queixas Zas

Concelleira/o do Grupo Municipal do BNG

Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA